


# COMO ATOPAR LIBROS GALEGOS EN INTERNET

**Unha guía de recursos en liña**

Edición: marzo de 2020



Henrique Neira Pereira

## **Como atopar libros galegos en Internet**

### **Unha guía de recursos en liña**

© Henrique Neira Pereira, 2020

© da imaxe da portada: Henrique Neira Pereira, 2000  
1ª edición, marzo de 2020

© desta edición:

Grupo Código Cero Comunicación S.L., 2020

Rúa das Hedras nº 4, 1º G

15895 Ames (Milladoiro)

Tel.-fax: 981 530 268

[www.codigocero.com](http://www.codigocero.com)

[redaccion@codigocero.com](mailto:redaccion@codigocero.com)

Director:

Xosé Mª Fernández Pazos

Depósito legal: C 472-2020

# ÍNDICE

<b>1. Introducción</b>	5
<b>2. Webs onde atopar libros</b>	
2.1 Bibliotecas virtuais galegas	7
2.2 Outras webs galegas que achegan libros ou catálogos dixitais	14
2.3 Bibliotecas virtuais españolas	20
2.4 Outras webs españolas que achegan libros ou catálogos dixitais	22
2.5 Grandes bibliotecas virtuais internacionais	25
2.6. Outras webs internacionais que achegan libros ou catálogos dixitais	29
<b>Anexos</b>	
<b>3. Unha carta de navegación para o océano da información</b>	35
<b>4. Libros e soportes</b>	39
<b>5. Bibliotecas virtuais</b>	45
<b>6. Glosario</b>	47
<b>7. Bibliografía</b>	71



## 1. INTRODUCCIÓN

Hoxe en día, facer un catálogo de publicacións dixitais producidas en Galicia é unha tarefa inabordable porque cada día aumenta o número de webs e blogs que achegan edicións dixitais da totalidade ou parte dun volume.

Con todo, existen sitios web con vocación de biblioteca e que ofertan para a súa consulta ou descarga desde unhas poucas ducias ata milleiros de obras -non só libros, tamén documentos, relatos, audiolibros, etc-.

Este libro pretende fundamentalmente dar pistas e servir de guía para dar unha idea dos libros dixitais que podemos encontrar no ciberespazo -seguramente hai moitos máis- que poidan ser de interese na comunidade galega, estean na lingua na que estean. En definitiva, ser unha carta de navegación para o océano da información que é Internet.

As ligazóns de todas as webs que citamos foron comprobadas a 27 de marzo de 2020. Para chegar a cada web da listaxe hai que premer enriba da ligazón do PDF e autorizar a aplicación que empregamos (o Adobe Reader, por exemplo) a que a abra.

Agradécese o envío de información sobre webs e outros recursos que non estean nesta guía para engadilos en novas edicións se é o caso: valdoulla@yahoo.es.



## **2. WEBS ONDE ATOPAR LIBROS**

### **2.1. BIBLIOTECAS VIRTUAIS GALEGAS**

A seguir achégase unha listaxe de webs galegas que dispoñen de volumes dixitalizados para a súa consulta ou descarga, e que polas súas características se asemellan ás bibliotecas reais: teñen un catálogo mediante o cal podemos acceder ás obras e as súas coleccións vanse incrementando co tempo. A semellanza é maior no caso das que permiten baixar obras completas, e menor naquelas nas que só é posible consultar fragmentos de obras, pero en calquera caso isto xa é máis que un catálogo e por iso as incluímos nesta categoría. Sen dúbida son unha ferramenta formidable para o ensino, tanto en aulas físicas como en aulas virtuais -cada vez é máis importante o teleensino-. Despois deste apartado indicaremos unha serie de webs que, sen seren propiamente bibliotecas, ofrécenlles ós visitantes descargar unha ou máis publicacións en formato dixital.

#### **BIBLIOGRAFÍA XACOBEA**

<https://www.caminodesantiago.gal/gl/conecemento-e-investigacion/bibliografia-xacobeas>

Biblioteca en liña de estudos sobre o Camiño de Santiago realizados nas décadas pasadas e que agora se difunden en PDF.

#### **BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA - GALICIANA**

<https://biblioteca.galiciana.gal/>

Segundo informa na propia web:

"Galiciana é a biblioteca dixital de Galicia impulsada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais da Xunta de Galicia e xestionada pola Biblioteca de Galicia. O proxecto ten como obxectivo a dixitalización dos fondos bibliográficos máis relevantes para Galicia.A

súa finalidade é lograr a máxima visibilidade dos recursos dixitais integrados nela e a interoperabilidade cos principais proxectos de dixitalización existentes hoxe en día (Hispana e Europea).

Galiciana integra actualmente, ademais de fondos propios da Biblioteca de Galicia, obras dixitalizadas en colaboración coas principais bibliotecas patrimoniais galegas. Nela pódense consultar recursos dixitalizados en institucións culturais tan importantes para Galicia como a Universidade de Santiago de Compostela, o Museo do Pobo Galego, a Fundación Penzol de Vigo, a Real Academia Galega, o Seminario de Mondoñedo ou a Biblioteca de Estudos Locais da Coruña".

Así mesmo contén o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia:

<http://biblioteca.galiciana.gal/ccpbg/es/consulta/busqueda.do>

Sería interesante que se incluíran no catálogo de Galiciana todos aqueles libros dixitalizados que consellerías, institutos e outros organismos da Xunta de Galicia ou dependentes dela van publicando nas súas webs de xeito independente.

## **BIBLIOTECA VIRTUAL DE LITERATURA UNIVERSAL EN GALEGO**

<http://www.bivir.com>

O proxecto da Asociación de Tradutores Galegos busca ofrecernos a literatura universal na lingua galega. Estas traducións de obras universais son propiedade intelectual dos tradutores e tradutoras e poden empregarse libremente para uso particular ou docente, mentres que para calquera edición venal dos textos se deberá contactar con eles. Posúe máis de 150 obras, coma 'A máquina do tempo' de Herbert George Wells ou 'A lenda de Sleepy Hollow', de Washington Irving.



## **BIBLIOTECA VIRTUAL GALEGA**

<http://bvg.udc.es>

Naceu no ano 2002 coa idea de "chegar a ser o grande Portal Web da literatura e a cultura galegas", tal como se explica na web. A iniciativa iniciouna un grupo de traballo interdisciplinar de especialistas en Filoloxía Galego-Portuguesa e Informática (Laboratorio de Bases de Datos) da Universidade da Coruña, que contan coa colaboración de numerosas persoas e institucións para ir incrementando os fondos. A directora do equipo filolóxico é Pilar García Negro e a directora do equipo informático Nieves R. Brisaboa.

O sitio web está aloxado nos servidores da Universidade da Coruña e achega obras completas e fragmentos en formato textual, imaxe (reproducións fotográficas das páxinas), audio e audiovisual, así como biografías de autores e autoras. Dispón de obras de narrativa, poesía, teatro, literatura infantil e xuvenil, ensaios e outros xéneros. O catálogo é de fácil acceso e podemos consultar por autoría, por título, por xénero, por formato...

Inclúe tanto textos completos de descarga libre como fragmentos de libros ou textos cedidos polos seus autores e autoras, e suxeitos á lexislación vixente neste eido. Así, encontraremos textos clásicos e contemporáneos coma os 'Cantares Gallegos' de Rosalía de Castro ou as 'Cousas da Vida' de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Entre libros, textos e contido noutros formatos, nesta biblioteca superáronse os 1.400 documentos, aínda que hai anos que non se actualiza.

## **CENTRO RAMÓN PIÑEIRO**

<https://www.cirp.gal>

A web do compostelán Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ten un apartado de recursos en liña cun 'Diccionario de termos literarios', así como dúcias de publicacións en PDF e bases de datos en liña para investigación que inclúen milleiros de documentos textuais de diferentes épocas e referencias bibliográficas. Entre outros proxectos de interese, en colaboración coa Universidade de Vigo o Centro desenvolveu un conversor texto-voz adaptado para a

lingua galega que se denomina Cotovía. Pode servir para que un dispositivo electrónico lea en voz alta un texto que lle indiquemos.

## **CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

<http://consellodacultura.gal/libros.php>

Dispón na súa web de máis de 400 libros e outras publicacións de interese para coñecer a realidade cultural galega.

## **CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA**

<http://www.bugalicia.org>

Se accedemos a esta web desde algún ordenador da rede das tres universidades galegas podemos consultar coleccións que achegan milleiros de libros electrónicos e revistas científicas en varias linguas. O acceso tamén se pode facer desde o portal da biblioteca de cada unha das tres universidades galegas, pero de igual xeito precísase que o ordenador estea conectado á rede universitaria. As bibliotecas das tres universidades poñen en rede os catálogos das súas bibliotecas físicas e moitos documentos en formato dixital nos seus respectivos portais:

<https://www.udc.es/biblioteca/> (Universidade da Coruña)

<https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/> (Universidade de Santiago)

<https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca> (Universidade de Vigo)

## **CULTURA GALEGA.GAL**

<http://culturagalega.gal>

O soportal LG3 de Culturagalega.gal dispón de ducias de libros e outros documentos para ler e descargar na súa sala de lectura virtual, situada en:

[http://culturagalega.gal/lg3/lg3\\_documentos\\_tipo.php?tipo=lectu](http://culturagalega.gal/lg3/lg3_documentos_tipo.php?tipo=lectu)

## **DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

<http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

A Biblioteca da Deputación da Coruña conta con máis de 4.000 recursos gratuítos que se poden consultar en liña.

## **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

<https://atopo.depo.gal/>

A Deputación de Pontevedra dispón dun catálogo dixitalizado con máis de 700.000 rexistros e case 400.000 documentos dixitais. En ATOPO figuran fondos do Museo de Pontevedra, do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación, dos arquivos municipais e doutras institucións, públicas ou privadas, da provincia de Pontevedra.

## **ESPAZOABALAR**

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazos/recursos>

Repositorio de contidos educativos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no que podemos seleccionar contidos para determinados cursos ou materias, o que resulta de moita utilidade para o persoal docente e o alumnado das etapas preuniversitarias.

## **GALICIALE.GAL**

<https://www.galiciale.gal>

A plataforma de préstamo de obras en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas, desde libros ata audiovisuais en galego e castelán.

## **GALILIBROS**

<http://gl.wikibooks.org/wiki/Portada>

Un dos proxectos nados ó abeiro da coñecida enciclopedia en liña Wikipedia: [www.wikipedia.org](http://www.wikipedia.org)

A diferenza doutras webs que dispoñen os libros para poder descargar como un único documento, nesta os libros están deseñados para consultar en liña e teñen sobre todo contido práctico.

Proxectos irmáns son

- A enciclopedia en liña Galipedia: <https://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>
- O dicionario galego en liña Galizionario: <http://gl.wiktionary.org>

## **INSTITUTO DA LINGUA GALEGA**

<https://ilg.usc.es/gl>

O Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago dispón na súa sección de recursos de varios dicionarios, libros e bases de datos que conteñen milleiros de documentos e libros dixitalizados, o que nos permite localizar contido no seu interior:

<https://ilg.usc.es/gl/recursos>

## **LETRASGALEGAS.ORG**

<http://www.letrasgalegas.org>

Proxecto do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes que botou a andar en 2008 ofrecendo dúzias de libros galegos en formato texto.

## **REAL ACADEMIA GALEGA**

<https://academia.gal>

A centenaria institución con sede na Coruña dispón de catro apartados na súa web desde os que se poden descargar documentos: biblioteca virtual, hemeroteca virtual, publicacións e recursos. Ademais, pode consultarse o catálogo dos fondos do Arquivo a través do portal Galiciana, e outro recurso de interese que mantén, en colaboración coa Fundación Barrié, é o Portal das Palabras: <https://portaldaspalabras.gal>

## **UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

<https://www.udc.gal>

Nos servidores da Universidade da Coruña está aloxada a web da Biblioteca Virtual Galega, que xa citamos, en: <http://bvg.udc.es>

O catálogo da biblioteca física está no enderezo:

<https://www.udc.es/biblioteca/>

## **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO**

<https://www.usc.gal/gl>

A Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago ten centos de libros e publicacións periódicas en formato dixital, accesibles desde o seu catálogo xeral e desde as coleccións dixitais, en: <http://iacobus.usc.es>

Pola súa parte, o Servizo de Normalización Lingüística da USC ten vocabularios e léxicos dispoñibles para descargar en:

<https://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/biblio-term.html>

Noutros apartados da web da USC podemos descargar outros libros e informes sobre distintos temas.

## **UNIVERSIDADE DE VIGO**

<https://www.uvigo.gal>

O Seminario de Lingüística Informática de Universidade de Vigo achega moitos recursos dixitais de interese, desde un tradutor e un corrector ata dicionarios e bases de datos, todo en: <http://sli.uvigo.es>

Por exemplo, o Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo (Cluvi), contén libros e outros textos dixitalizados aínda que só os podemos consultar a través dunha base de datos e non lelos por enteiro; accesible en: <http://sli.uvigo.es/CLUVI/index.php>

A Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo dispón dun directorio con dicionarios, vocabularios e outros recursos:

<https://www.uvigo.gal/campus/lingua/asesoramento>

O catálogo da biblioteca física da Universidade de Vigo está en:

<https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca>

## **2.2 OUTRAS WEBS GALEGAS QUE ACHEGAN LIBROS OU CATÁLOGOS DIXITAIS**

Non son bibliotecas propiamente, pero poñen o seu grao de area virtual para incrementar o patrimonio bibliográfico galego en Internet. Persoas, empresas e entidades varias fan que este medre de xeito continuo. Evidentemente esta é só unha escolma, pois polas características de Internet semella case imposible a día de hoxe confeccionar unha relación exhaustiva de webs onde hai libros virtuais galegos ou sobre Galicia.

### **A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

<https://www.amesa.gal>

Na súa sección de recursos atopamos libros e outros documentos de interese, por exemplo sobre a orixe de nomes e apelidos:

<https://www.amesa.gal/recursos>

### **ACHAVE.GAL**

<https://www.achave.gal>

Web que achega varias publicacións sobre a natureza galega.

### **AGAL**

<https://a.gal>

Dispón dunha edición dixital do dicionario Estraviz (en galego reintegracionista), así como outros recursos de interese.

### **ARQUIVOS DE GALICIA**

<http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivos-de-galicia/index.html>

Existen en liña catálogos da documentación conservada nestes arquivos (do Reino de Galicia, provinciais, Diocesano de Santiago...), incluído algún catálogo dixitalizado e outros documentos como memorias ou informes en formato libro.

## **AS-PG**

<http://literaturagalega.as-pg.gal>

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) ofrece unha versión en liña actualizada da súa 'Historia da literatura galega'.

## **BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE**

<http://www.finisterrae.org/literatura.php?idioma=gl>

Finisterrae.com aloxa a web do Batallón Literario da Costa da Morte, que inclúe o libro virtual 'Nós'.

## **CIG**

<https://www.cig.gal/documentos.html>

O sitio web da Confederación Intersindical Galega contén publicacións informativas sobre o ámbito laboral, por exemplo a 'Guía de conciliación 2019'.

## **CONCELLOS**

Algúns concellos galegos dispoñen de publicacións dixitais nas súas webs. Por exemplo o Concello de Boqueixón permite descargar desde a súa web un libro sobre o Pico Sacro:

<https://www.boqueixon.com/pico-sacro/descargas/>

## **GALICIAENCANTADA.COM**

<https://galiciaencantada.com>

Enciclopedia da fantasía popular de Galicia que a través da súa páxina web amósanos lendas tradicionais e recolle as que envían as persoas que o desexan.

## **GALIPEDIA**

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>

Versión galega da Wikipedia, un proxecto internacional feito por persoas voluntarias, co propósito de elaborar unha enciclopedia libre, accesible, colaborativa e de balde en moitos idiomas. A Galipedia comezouse o 8 de marzo do 2003. Proxecto irmán do 'Galizionario':

[https://gl.wiktionary.org/wiki/Wiktionary:Páxina\\_principal](https://gl.wiktionary.org/wiki/Wiktionary:Páxina_principal)

Tamén é un proxecto irmán de Galilibros:

<https://gl.wikibooks.org/wiki/Portada>

Podemos descargar paquetes con distintas wikipedias e levalos no móbil ou na tableta coa aplicación gratuíta Kiwix:

<https://www.kiwix.org/en/>

Os contidos dispoñibles para esta app, que inclúen paquetes de libros do proxecto Gutenberg en español, portugués e outras linguas podemos atopalos en:

[https://wiki.kiwix.org/wiki/Content\\_in\\_all\\_languages](https://wiki.kiwix.org/wiki/Content_in_all_languages)

## **GALIZIONARIO**

[https://gl.wiktionary.org/wiki/Wiktionary:Páxina\\_principal](https://gl.wiktionary.org/wiki/Wiktionary:Páxina_principal)

Diccionario galego en liña con contidos que van incrementando os internautas. Comezouse o 5 de maio de 2004. Proxecto irmán da 'Galipedia':

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>

Tamén é un proxecto irmán de Galilibros:

<https://gl.wikibooks.org/wiki/Portada>



## **LINGUA.GAL**

<https://www.lingua.gal/portada>

O Portal da Lingua Galega da Secretaría Xeral de Política Lingüística achega dúcias de publicacións e outros recursos para aprender, traballar e medrar en galego. Ademais están dispoñibles en liña os manuais para superar distintos niveis do sistema CELGA de certificacións de aprendizaxe da lingua galega, en:

<https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo>

## **MOLEIRO**

<https://www.moleiro.com/es/inicio.htm>

O editor galego Manuel Moleiro permite ver na súa web fragmentos dos libros 'case-orixinais' que imprime.

## **MUSEOS DE GALICIA**

<https://museos.xunta.gal>

Achega información sobre os museos galegos e permite facer visitas virtuais a algúns deles, así como visitar os seus sitios web, desde os cales podemos obter información sobre as súas bibliotecas e mesmo algúns recursos en formato libro ou folleto, e ata unidades didácticas. Como exemplo, o cancionero galego que ten na rede o Museo do Pobo Galego:

[http://museodopobo.gal/web/uploads/cancioneiros/pdf/140429\\_Cancionerio\\_web.pdf](http://museodopobo.gal/web/uploads/cancioneiros/pdf/140429_Cancionerio_web.pdf)

## **NOVO CINEMA GALEGO**

<http://novocinemagalego.info/documentos/>

Nesta web podemos atopar traballos académicos en PDF sobre o chamado Novo Cinema Galego, así varios filmes publicado en aberto para ver a través de Internet:

<http://novocinemagalego.info/10anosnsg/>

## **PARLAMENTO DE GALICIA**

<http://www.parlamentodegalicia.com/Portada/libroselectronicos>

Dispón de versións dixitais en galego de dúcias de libros, entre eles dos estatutos de autonomía de Galicia de 1936 e 1981.

## **SOGAMA**

<http://www.sogama.gal/gl/info/guias-didacticas-educativas>

A Sociedade Galega do Medio Ambiente pon a disposición de profesorado e alumnado guías sobre a recollida selectiva dos residuos urbanos.

## **XERAIS**

<https://www.xerais.gal>

Edicións Xerais de Galicia publica no seu portal recursos didácticos de consulta libre que serven de apoio para o traballo con algúns dos seus libros.

## **XUNTA DE GALICIA**

<https://www.xunta.gal/>

Na Librería Institucional da Xunta de Galicia podemos atopar un catálogo que inclúe publicacións á venda, pero tamén publicacións de balde, como 'O deseño como motor. Casos de éxito en Galicia', en:

<https://libraria.xunta.gal/>

Ademais, practicamente cada consellería ou entidade dependente da Xunta pon na rede publicacións dixitais e bases de datos de interese, coma as da toponimia oficial:

<https://www.xunta.gal/toponimia-e-nomenclator>

De interese tamén o visor de imaxes aéreas de Galicia. O Fondo Galego de Garantía Agraria da Xunta de Galicia achega este servizo en liña, pensado para poder medir parcelas ou distancias de xeito aproximado sen ter que desprazarse ó lugar. Achega algunhas características diferenciadas do Sigpac do Ministerio de Agricultura:

<https://sixpac.xunta.es/visorhtml5/>

Así mesmo temos Digalego, un dicionario en liña en lingua galega con sinónimos, conxugador e refráns:

<https://digalego.xunta.gal/gl>

E por suposto o tradutor Gaio:

<http://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index>

## **VALEDOR DO POBO**

<https://www.valedordopobo.gal/divulgacion/>

Na web podemos descargar informes ordinarios e extraordinarios, así como traballos de divulgación.

## **2.3 BIBLIOTECAS VIRTUAIS ESPAÑOLAS**

Como no caso das galegas, incluimos neste apartado webs que son bibliotecas virtuais ou cando menos dispoñen dun apartado de biblioteca, así como arquivos con documentos dixitalizados de interese para usuarios e usuarias de Galicia.

### **BIBLIOTECA FEIJONIANA**

<http://www.filosofia.org/bjf/index.htm>

Apartado da web [www.filosofia.org](http://www.filosofia.org) que pon a disposición dos visitantes en formato texto as obras do frade bieito galego frei Benito Jerónimo Feijoo, coma o 'Teatro crítico universal' e as 'Cartas eruditas y curiosas'. Actualmente tamén se poden consultar en Galiciana mesmo en formato PDF.

### **BIBLIOTECA NACIONAL**

<http://www.bne.es/es/Colecciones/>

A BNE dispón de varias coleccións dixitais, nas que podemos atopar desde mapas antigos de Galicia a varias cabeceiras de prensa galegas dixitalizadas.

### **BIBLIOTECA VIRTUAL DO CSIC**

<http://bibliotecas.csic.es>

Publicacións e recursos en liña de interese para quen se dedica á investigación.

## **BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES**

<http://www.cervantesvirtual.com>

Creada primeiramente para ofrecer en formato dixital libros clásicos en castelán, na actualidade inclúe tamén textos noutras linguas como o galego, por exemplo as cantigas de Martín Códax. Ademais, atopamos ducias de obras de autores e autoras de Galicia en castelán - existen portais dedicados a Emilia Pardo Bazán e Camilo José Cela-, e tamén de fóra de Galicia pero con contidos de tema galego. O director do Consello Científico da Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes é o catedrático e ex reitor da Universidade de Santiago de Compostela Darío Villanueva Prieto.

## **BIBLIOTECAS AUTONÓMICAS**

As diferentes comunidades e cidades autónomas dispoñen de bibliotecas dixitais nas que frecuentemente podemos atopar obras referentes a Galicia ou de interese para a súa consulta para investigacións sobre terras galegas. Así, na Biblioteca Dixital da Xunta de Castela e León temos dixitalizado o 'Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal' de Sebastián de Miñano, moi útil para pescudar na historia de concellos e parroquias:

<https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=714>

Mentres, o 'Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar' de Pascual Madoz, outra obra de referencia para estudos históricos, está na Biblioteca Virtual de Andalucía en:

<http://www.bibliotecavirtualdeandalucia.es/catalogo/consulta/registro.cmd?id=6353>

## **PORTAL DE ARCHIVOS ESPAÑÓLES (PARES)**

<http://pares.culturaydeporte.gob.es/inicio.html>

Milleiros de documentos dixitalizados e catálogos en liña de arquivos estatais. Entre os documentos hai moitos referidos a Galicia, por exemplo preitos ou autorizacións a pasaxeiros para embarcarse para as Indias.

## **2.4 OUTRAS WEBS ESPAÑOLAS QUE ACHEGAN LIBROS OU CATÁLOGOS DIXITAIS**

Ademais das webs xa citadas, existen catálogos virtuais de interese e outros sitios en lingua española en Internet que sen seren bibliotecas poden ser de interese polo que ofertan.

### **CATÁLOGO COLECTIVO DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO ESPAÑOL**

<http://catalogos.mecd.es/CCPB/ccpbopac/>

Catálogo de obras de entre os séculos XV e XX conservadas en bibliotecas españolas. Contén máis de 700.000 títulos, entre eles obras galegas.

### **CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA EN GALEGO**

<http://www.senado.es/web/conocersenado/normas/constitucion/>

Ofrécea o Senado para ler en liña ou en formato PDF.

### **CORREOS**

<https://www.correos.es/>

Un dos seus apartados é un buscador de códigos postais para cando precisemos enviar unha carta postal. Trátase da antiga guía en formato papel convertida nunha base de datos accesible na rede.

### **DICCIONARIOS.COM**

<https://www.diccionarios.com>

Achega en forma de bases de datos dicionarios de galego, español, inglés, francés, alemán, italiano, catalán, portugués e polaco, así como outros como os de sinónimos e antónimos do español.

## **DICIONARIOS DA RAE**

<https://www.rae.es>

No sitio web da Real Academia Española podemos consultar a base de datos da versión dixital do seu dicionario de español actualizada con novas palabras engadidas ata 2015, así como o 'Diccionario panhispánico de dudas', así como outras publicacións.

## **PÁGINAS AMARILLAS**

<https://www.paginasamarillas.es>

As antigas edicións en papel das múltiples guías de Páginas Amarillas, convertidas en bases de datos e accesibles en Internet de balde.

## **PÁGINAS BLANCAS**

<http://blancas.paginasamarillas.es/jsp/home.jsp>

As edicións en papel das antigas guías de Páginas Blancas, convertidas en bases de datos e accesibles en Internet de balde.

## **REBIUN**

<https://rebiun.baratz.es/rebiun/>

O catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas Universitarias (Catálogo REBIUN) reúne os rexistros bibliográficos de 76 bibliotecas universitarias e do CSIC que forman parte desta rede.

## **SIGPAC**

<https://sigpac.mapa.gob.es/fega/visor/>

Servizo de Información Xeográfica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que mostra fotos aéreas de boa parte do territorio español e que está pensado para poder medir leiras ou distancias de xeito aproximado sen ter que desprazarse a cada lugar. De doada utilización.

## **TESEO**

<https://www.educacion.gob.es/teseo/irGestionarConsulta.do>

Base de datos de teses de doutoramento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, na que se pode atopar información sobre milleiros de teses e descargar un bo número delas en formato PDF. Máis dun milleiro destas teses están relacionadas con Galicia.



## 2.5 GRANDES BIBLIOTECAS VIRTUAIS INTERNACIONAIS

A seguir imos achegarnos a sete grandes proxectos de bibliotecas dixitais que están en distintas fases de desenvolvemento e que poden resultar de interese coñecer a pesar de que polo momento non se lle vaia sacar tanto rendemento como dentro duns anos.

### **ACADEMIA.EDU**

<https://www.academia.edu>

Web que recolle traballos académicos, desde artigos científicos ata libros, de case 120 millóns de persoas de todo o mundo, por suposto moitos desde Galicia. A subscrición básica é gratuíta e permite recibir un boletín de novidades sobre temas seleccionados.

### **ARCHIVE.ORG**

<http://www.archive.org>

Internet Archive preséntase co lema como unha biblioteca sen ánimo de lucro con millóns de libros, películas, software, música, sitios webs e máis, libres. No 1996 comezou a arquivar o contido de webs de todo o mundo, entre elas webs galegas, que se poden ver na súa 'Wayback Machine', ou 'Máquina da Volta Atrás'. Este sitio web foi, canda institucións americanas e europeas, un dos promotores da Open Content Alliance, que buscaba ofrecer unha alternativa a Google e os seus proxectos. En marzo de 2020 almacenaba 330.000 millóns de páxinas web, 20 millóns de libros e textos, 4,5 millóns de gravacións de audio, 4 millóns de vídeos (dos cales 1,6 millóns de programas informativos de televisión), 3 millóns de imaxes e 200.000 programas de software.

En Archive.org podemos atopar obras galegas que non están dixitalizadas noutros sitios, coma os once tomos da 'Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela' de Antonio López Ferreiro, unha obra de referencia para o estudo da historia de Galicia.

## **EUROPEANA**

<https://www.europeana.eu/es>

Desde hai 2001 existían proxectos europeos para a dixitalización de documentos como o xurdido trala reunión de Lund, en Suecia, ou o proxecto Presto-Space, para a dixitalización do patrimonio audiovisual europeo. Pero foi no 2004, meses despois de anunciar Google o comezo do seu proxecto agora chamado Google Books, que houbo unhas primeiras xuntanzas de alto nivel entre representantes de Francia, España, Alemaña, Italia, Hungría e Polonia, países que solicitaron en varias reunións no 2005 o apoio do resto dos estados europeos, e deste xeito, o 14 de novembro dese ano o consello de ministros de Cultura europeos celebrado en Bruxelas apoiou de forma unánime a creación dunha biblioteca dixital europea. Consiste no acceso integrado desde unha web multilingüe ó material xa dixitalizado polas institucións culturais europeas, e non só bibliotecas, senón tamén arquivos ou museos entre outras. Neste portal están integrados os contidos da biblioteca española Hispana e da galega Galiciana.

## **GOOGLE BOOKS**

<https://books.google.com/?hl=gl>

A propia Internet no seu conxunto é considerada como a maior biblioteca da humanidade, cos contidos repartidos en innumerables servidores e cos buscadores como os seus catálogos. Para o buscador Google iso non era suficiente e por iso comezou o proxecto Print, agora chamado Google Books en decembro do ano 2003. Aspira a ser a maior biblioteca virtual da humanidade, e nela hai xa moitos libros galegos.

Os libros sobre os que xa ninguén ten dereitos de autor pódense consultar completos. E para os casos nos que estes aínda non caducaron, Google ten varias fórmulas, unha para libros fornecidos por editoriais, que deixa ver enteiras soamente un número reducido de páxinas da publicación, e outra para libros sobre os que existen dereitos de autor e que proceden dalgunha desas bibliotecas, que consiste en amosar soamente unhas poucas liñas da páxina ou páxinas onde aparecen a palabra ou palabras que buscamos. Unha terceira fórmula que vemos

que está adoptando é mostrar soamente os datos do libro nos que aparecen a palabra ou palabra que buscamos, sen mostrar ningún fragmento: sabemos que atoparemos aí o contido que nos interesa pero teremos que ir á biblioteca ou á librería.

A iniciativa de Google provocou dúas reaccións a grande escala: primeiro a de varios países europeos, temerosos de que o predominio da cultura en lingua inglesa sexa prexudicial para a cultura noutras linguas, e máis recentemente a dos competidores de Google agrupados na Open Content Alliance (Alianza do contido aberto, en tradución literal).

## **GOOGLE SCHOLAR**

<https://scholar.google.es>

Portal de Google onde se poden atopar ligazóns a artigos de carácter científico e divulgativo, e no que se indica en que outras publicacións foron referenciados estes.

## **GUTENBERG**

<http://www.gutenberg.net>

Foi un proxecto pioneiro para crear unha biblioteca dixital en liña. Naceu da man de Michael Hart en 1971, para difundir de balde textos e libros famosos. A maioría dos libros desta biblioteca virtual, que conta con máis de 60.000 títulos de consulta gratuíta, están en inglés. En galego só están 'Cantares gallegos' de Rosalía de Castro e 'Catecismo d'a Doutrina Labrega', e hainos tamén de autoría galega, por exemplo varios de Emilia Pardo Bazán en español, inglés e francés. Podemos descargar paquetes con todos os libros existentes nun idioma, por exemplo español e portugués, e levalos no móbil ou na tableta coa aplicación gratuíta Kiwix:

<https://www.kiwix.org/en/>

Os contidos dispoñibles para esta app -entre eles versións da Wikipedia en varios idiomas coma o galego- podemos atopalos en:

[https://wiki.kiwix.org/wiki/Content\\_in\\_all\\_languages](https://wiki.kiwix.org/wiki/Content_in_all_languages)

## **RESEARCHGATE.NET**

<https://www.researchgate.net>

Web que recolle 135 millóns de traballos académicos, desde artigos científicos ata libros, de 16 millóns de persoas de todo o mundo, por suposto moitas desde Galicia. A subscrición básica é gratuíta e permite recibir un boletín de novidades sobre temas seleccionados.

## **2.6. OUTRAS WEBS INTERNACIONAIS QUE ACHEGAN LIBROS OU CATÁLOGOS DIXITAIS**

### **BIBLIOTECA NACIONAL DIGITAL DE PORTUGAL**

<http://bndigital.bnportugal.gov.pt>

Achega, entre outros, libros dixitais sobre historia de Portugal que tamén permiten coñecer as relacións históricas de Galicia con Portugal desde outro punto de vista. Véxase por exemplo a 'Chronica del Rey D. Pedro I deste nome, e dos reys de Portugal o oitavo cognominado o Justiceiro'. Este libro escrito no século XV por Fernão Lopes trata do rei que nós coñecemos habitualmente como Pedro I de Castela, ou Pedro I o Cruel.

### **BIBLIOTHECA AUGUSTANA**

<http://www.fh-augsburg.de/~harsch/augusta.html>

Achega obras en varias linguas, entre elas o latín, e hai algunha de interese para nós, coma o 'itinerarium Egeriae', a viaxe da monxa galega Exeria a Terra Santa, datada ó redor do ano 380.

### **CANTIGAS MEDIEVAIS**

Hai varias webs en Internet que nos presentan escolmas das cantigas medievais galego-portuguesas, por exemplo esta da Universidade Nova de Lisboa:

<https://cantigas.fcsh.unl.pt/index.asp>

Tamén temos mostras das 'Cantigas de Santa María' de Afonso X o Sabio en distintos portais, por exemplo na web:

<http://www.pbm.com/~lindahl/cantigas>

### **ENCYCLOPAEDIA BRITANNICA**

<https://www.britannica.com>

A editora da prestixiosa enciclopedia en lingua inglesa permite consultar de balde na súa web unha versión reducida dos seus contidos.

## **GALLICA**

<https://gallica.bnf.fr>

A Biblioteca Nacional de Francia reserva un espazo denominado Gallica para obras literarias en formato dixital. Xa posúe centos de milleiros de libros, imaxes e outros documentos en formato dixital. Se buscamos, por exemplo, por Compostelle, ou Galice, atoparemos xa unhas cantas obras nas que hai referencias á nosa comunidade.

## **GUÍA TELEFÓNICA**

<http://www.guiatelefonica.com>

Un directorio de guías telefónicas de todo o mundo, que nos permite consultar as bases de datos nas que se converteron as súas edicións en papel.

## **IMDB**

<https://www.imdb.com>

A Internet Movies Data Base, ou base de datos de películas en Internet, consolidouse como unha das principais fontes de información sobre películas e series de televisión -por suposto tamén das galegas-, fornecendo datos sobre estas e sobre as persoas que participan nelas, desde actores e actrices ata responsables de efectos especiais.

## **NETLINGO**

<http://www.netlingo.com>

Un dos dicionarios máis completos sobre informática e Internet. A versión para web actualízase periodicamente e é de consulta gratuíta.

## **THE BRITISH LIBRARY**

<https://www.bl.uk/catalogues-and-collections/digital-collections>

Amosa todas as coleccións dixitalizadas, desde mapas ata manuscritos, libros e periódicos. Aparecen referencias a Galicia en xornais británicos datados xa en 1710.

## **THE LIBRARY OF CONGRESS**

<https://www.loc.gov/collections/>

A Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos, unha das máis importantes do mundo, dispón de interesantes coleccións dixitais. Aparecen referencias a Galicia en xornais desde 1795.

## **THE LIBRARY OF IBERIAN RESOURCES ONLINE**

<http://libro.uca.edu/>

Esta Biblioteca de recursos ibéricos en liña da Universidade de Arkansas Central achega recursos coma o libro dixital de Richard A. Fletcher: 'Saint James' Catapult: The Life and Times of Diego Gelmírez of Santiago de Compostela'.

## **WIKIPEDIA**

<https://www.wikipedia.org>

Proxecto iniciado o 15 de xaneiro de 2001 como sucesor da xa desaparecida Nupedia, sendo os principais promotores da iniciativa Jimmy Wales e Larry Sanger. A idea era que a propia comunidade de internautas fose construíndo unha enciclopedia virtual na que localizar facilmente información coma en calquera enciclopedia normal, salvo que neste caso achega múltiples ligazóns externas referentes ás definicións. A lingua inicial foi a inglesa, pero xa hai máis de 200 proxectos de wikipedias en diferentes linguas, entre elas a galega, a Galipedia (véxase na listaxe de webs galegas). Na definición de bibliotecas dixitais da edición en inglés (que xa supera o millón de definicións) temos unha listaxe de bibliotecas virtuais que nos poden resultar de interese:

[https://en.wikipedia.org/wiki/Category:Digital\\_libraries](https://en.wikipedia.org/wiki/Category:Digital_libraries)





# ANEXOS



### 3. UNHA CARTA DE NAVEGACIÓN PARA O OCÉANO DA INFORMACIÓN

Este libro comezou sendo un traballo para o seminario 'Produción e empresa editorial. Tradición e novas tecnoloxías', impartido no curso de doutoramento 2005/06 da facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago polo profesor Víctor Fernández Freixanes, actual presidente da Real Academia Galega.

O obxectivo orixinal do traballo era referirse á situación do libro dixital galego en Internet, centrándose nos libros escritos en galego. Pero parecía interesante ampliálo para estudar a presenza na rede do conxunto de libros dixitais producidos na comunidade en calquera lingua ou que sexan de interese para os lectores e as lectoras de Galicia e que se poidan atopar en calquera das grandes bibliotecas dixitais do mundo, para descargar ou consultar de xeito legal.

Na actualidade, é posible legalmente dixitalizar obras sobre as que xa non hai dereitos de autor, isto é, que son de dominio público, así como obras das que foron cedidos os dereitos para unha edición dixital en concreto e de acordo con certas condicións (protección total dos dereitos ou cesión parcial dos mesmos). Pódese optar por manter todos os dereitos outorgados pola Lei de Propiedade Intelectual ou facilitar a difusión e emprego da obra empregando a licenza Creative Commons, moi de moda ultimamente, sen que por iso se perdan os dereitos básicos de propiedade intelectual.

Hai que dicir ademais que hai quen dixitaliza obras sen consentimento dos titulares dos dereitos de autor, pero polo xeral estas soamente están dispoñibles durante unha pequena tempada na rede, e en calquera caso estudar isto non é o obxecto deste traballo.

O día 19 de novembro de 2004 o presidente e fundador do xigante informático Microsoft, Bill Gates, aseguraba en Madrid que nos vindeiros anos non soamente cambiaría a industria discográfica, prognosticando só dez anos de vida para o soporte CD, e pouco máis para o tradicional libro e a exhibición de cine nas salas do xeito que se fai hoxe. Así, os discos compactos serían substituídos pola venda de

música en liña -certamente un fenómeno en auxe-, os libros en papel irían desaparecendo conforme se espallasen os volumes en formato dixital -polo momento a edición en papel segue a ser moi importante, pero a dixital medra cada ano- e no caso do audiovisual, prognosticou que desaparecerían das salas de cine as películas en formato cinta para ser substituídas polas de formato dixital -efectivamente, en moitos casos xa é así-, mentres que para ver filmes na casa a solución sería pagar por descargarlos a través de Internet e non amarear caixas con vídeos ou DVD no salón da casa -hoxe están en continuo crecemento as plataformas de cine e series en Internet-.

No futuro veremos se son acertadas as predicións de Gates con respecto do libro en papel. Na actualidade xa hai milleiros de libros de autoras galegas e de autores galegos dixitalizados e consultables ou descargables en Internet de xeito legal.

Hoxe en día, facer un catálogo de publicacións dixitais producidas en Galicia é unha tarefa inabordable porque cada día aumenta o número de webs e blogs que achegan edicións dixitais da totalidade ou parte dun volume. Con todo, existen sitios web con vocación de biblioteca e que ofertan para a súa consulta ou descarga desde unhas poucas ducias ata máis dun milleiro de obras -non só libros, tamén relatos, audiolibros, etc-. O mesmo sucede coa prensa e co audiovisual.

Unha parte dos libros e da prensa soamente son consultables, é dicir, que forman parte dunha base de datos, e cando accedemos a ela podemos saber en que páxinas figuran determinadas palabras e mesmo ler o parágrafo enteiro no que aparecen, pero non ler completo o libro. Isto é así para cumprir coas leis no caso dos volumes que aínda non son de dominio público, e sen dúbida o mellor exemplo é o Tesouro Informatizado da Lingua Galega: <https://ilg.usc.es/TILG>

Con máis de 3.000 obras dixitalizadas, entre documentos e libros, o TILG permítenos localizar palabras ou frases en libros e documentos galegos e en galego desde 1612 ata 2013, e se logo queremos consultar o documento ou libro podemos ir á biblioteca ou a unha librería e localizalo coas referencias facilitadas.

No caso dos libros descargables ou que se poden ler en liña temos a Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es>

Conta cuns 1.400 documentos dixitalizados entre libros, audiolibros, relatos, poemas e outros textos de autores e autoras clásicos e contemporáneos. A mágoa é que hai anos que non recibe case actualizacións.

Así pois, en Internet non nos han faltar lecturas en lingua galega, sexa para imprimir en papel, para ver ou consultar no ordenador ou para lelas en calquera outro dispositivo electrónico que nolo permita - teléfonos móbiles, tabletas, etc.-.

Este libro pretende fundamentalmente dar pistas e servir de guía para dar unha idea dos libros dixitais que podemos encontrar no ciberespazo -seguramente hai moitos máis-, da prensa histórica e actual e de audiovisuais que poidan ser de interese para a comunidade galega, estean na lingua na que estean. En definitiva, ser unha carta de navegación para o océano da información que é Internet.

En 2006 publicouse na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes o traballo antecedente do actual, 'Libros galegos en Internet : Unha guía de recursos en liña', por invitación do catedrático da Universidade de Santiago de Compostela Darío Villanueva Prieto, reitor da USC entre 1994 e 2002, e director da Real Academia Española entre 2014 e 2018:

[www.cervantesvirtual.com/obra/libros-galegos-en-internet-unha-guia-de-recursos-en-lina--0/](http://www.cervantesvirtual.com/obra/libros-galegos-en-internet-unha-guia-de-recursos-en-lina--0/)

E en 2008 foi unha das primeiras obras que integraron o portal especializado en lingua galega desa biblioteca, Letrasgalegas.org:

<http://www.letrasgalegas.org/obra/libros-galegos-en-internet-unha-guia-de-recursos-en-lina--0/>

A actualización de marzo de 2020 pretende axudar a localizar recursos útiles para a educación e para o tempo de lecer nunha circunstancia tan extraordinaria coma a do confinamento que vivimos pola pandemia do coronavirus COVID-19.



## 4. LIBROS E SOPORTES

O ‘Diccionario da Real Academia Galega’ define libro co significado que aquí imos tratar como “1. Conxunto de follas escritas ou impresas, cosidas ou pegadas entre si e encadernadas. 2. Obra impresa científica ou literaria, ou sobre outras materias”. O ‘Diccionario de la Real Academia Española’ achega unha definición moito máis ampla da cal nos interesa especialmente a segunda acepción, que di “2. Obra científica, literaria o de cualquier otra índole con extensión suficiente para formar volumen, que puede aparecer impresa o en otro soporte”.

Os dous dicionarios poden consultarse hoxe en día en Internet, o primeiro no enderezo <https://academia.gal/diccionario> e o segundo en <https://www.rae.es>.

A edición dixital do diccionario da Real Academia Galega é de 2012 e a edición dixital do da Real Academia Española é de 2015.

A definición da obra da RAG non contemplaba aínda a posibilidade de que o libro existise noutro soporte diferente ó físico (papel, pergamiño...).

Máis recentemente, o 10 de marzo do 2006 presentouse publicamente o primeiro diccionario predictivo galego para teléfonos móbiles. Hoxe moitos dos móbiles intelixentes incorporan isto como unha opción máis para cando escribimos textos neles. Sen dúbida é unha mostra de como a lingua galega, os textos en lingua galega, os libros e periódicos en lingua galega, os audiovisuais, poden estar presentes en diferentes soportes: en papel, na pantalla dun ordenador –de sobremesa ou portátil–, na dun teléfono móbil, na dunha tableta, na dun libro electrónico ou na de calquera outro dispositivo que posibilite ler un texto gardado en formato electrónico ou dixital ou reproducir unha peza audiovisual. E o bo é que a publicación nun soporte non impide que se faga ó mesmo tempo noutros, aínda que os xeitos nos que se consulten os libros en cada un deles non teñen por que ser idénticos.

A seguir imos falar dalgúns libros pioneiros na combinación de soportes:

- 'O home inédito', de Carlos G. Meixide, que Ediciós A Rotonda presentou como a primeira novela galega para ler no móbil, chegou á rede o 4 de novembro de 2005 a través da web xa desaparecida [www.arotonda.com](http://www.arotonda.com) e en 2007 saíu en papel da man de Rinoceronte Editora.

- O poemario de María Lado 'berlín' publicouse primeiramente como libro tradicional en maio de 2005, dentro da colección Poeta en Compostela da Concellaría de Cultura compostelá e do Grupo Correo Gallego, e coa colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Despois, a autora púxo a disposición da comunidade de internautas, indicando como descargalo desde o seu blog <http://casatlantica.blogspot.com>

- Na década dos noventa, o Grupo Correo Gallego comezou a publicar unha guía de empresas de Galicia e do Norte de Portugal na que achegaba unha serie de datos sobre un determinado número de compañías, número que foi aumentando cos anos. Nas primeiras edicións, a guía en formato papel publicouse acompañada dun disquete que contiña unha base de datos na cal se podían localizar empregando un ordenador as informacións contidas no tradicional libro, e ademais de modo máis rápido que pasando as páxinas. Pouco despois o disquete foi substituído polo CD-ROM e xa desde o ano 1999 e ata o 2005, ademais de en papel e en CD-ROM os datos podían consultarse neses anos na edición dixital de 'El Correo Gallego', en:

<http://www.elcorreogallego.es>

Boa mostra de como se pode dispoñer a mesma información en catro soportes diferentes: papel, disquete, CD-ROM e Internet.

Entre os tres libros ademais das diferenzas de formatos de edición hai outra, e é o prezo. A edición dixital do volume de Meixide distribuíuse de balde pola rede baixo a licenza Creative Commons, que permite a difusión libre da obra. O poemario de María Lado distribuíuse na edición en papel de balde para os lectores e as lectoras de 'El Correo Gallego' en Santiago –asumindo o custo de produción e distribución a Concellaría de Cultura compostelá e o Grupo Correo Gallego– e entregouse igualmente de balde para quen o descargara desde Internet. No caso da guía de empresas, a versión en papel vendíase



conxuntamente co disquete ou o CD-ROM, mentres que a versión en Internet se podía consultar de balde, financiándose a súa publicación na rede mediante a publicidade colocada no apartado da web do xornal dedicado á guía. Neste caso era de consulta libre pero non de distribución libre.

Son só tres mostras de libros galegos pioneiros no uso do formato dixital. Hoxe xa temos milleiros de libros galegos en Internet, incluíndo audiolibros e videolibros, aínda que non todos son descargables, senón que moitos deles están incluídos en bases de datos mediante as cales só é posible consultar unha parte dos contidos.

O problema de contalos está en que polo de agora non existe, que saibamos, ningún catálogo de libros dixitais galegos. No caso dos libros en papel, polo regular unha vez que saíron do prelo podemos localizalos en librerías e pouco despois, ou ás veces ó mesmo tempo, en bibliotecas. Pero cando calquera editorial ou persoa física desexa publicar un libro con todas as garantías que lle ofrece a lei sabe que debe entregar varios exemplares para o depósito legal, exemplares que se destinan para a conservación e para a súa consulta en bibliotecas. Moitos deles levan ademais o ISBN (International Standard Book Number) e cada ano fanse estatísticas oficiais sobre o número de libros que se publican e a lingua na que se escribiron.

En Internet, mentres, calquera persoa cun dispositivo electrónico axeitado conectado á rede pode converterse en editor ou en editora. Só fai falta o equipamento mencionado, o contido a publicar e a vontade de facelo. Na rede poderanse encontrar servidores que permitan aloxar de xeito gratuíto ou case unha web ou o blog e colocar aí o libro para baixar. E o mesmo para promocionalo e conseguir que se lea: facendo uso de servizos de correo electrónico e redes sociais non ha resultar difícil promocionalo. E non é preciso envialo a ningún depósito legal nin solicitar permiso ningún para facelo.

Isto, evidentemente, proporciona unha enorme liberdade, o cal non quere dicir que non haxa que axustarse ás leis vixentes para outras cuestións, por exemplo no referido á protección do dereito á honra das persoas, protección da infancia, lei de propiedade intelectual, etc. Cando

publicamos na rede estamos suxeitos ás mesmas normas que cando publicamos en papel, salvo polo feito de que, se non queremos, non temos por que pasar ningún trámite administrativo entre a publicación do contido e a obtención do mesmo por parte das persoas que o desexan ler.

Entre as vantaxes dos libros dixitais, hai que dicir que as bibliotecas virtuais están en liña as vinte e catro horas do día sempre que non haxa problemas informáticos, e que nelas frecuentemente as obras poden ser descargadas ou consultadas por varias persoas a un tempo, polo que non hai que agardar que haxa exemplares dispoñibles coma no caso dos volumes en papel. Existe unha excepción no caso das obras recentes, que nas bibliotecas públicas só se prestan por unhas semanas e en número limitado.

Os libros dixitais ocupan espazo en disco pero non espazo físico, polo que para o caso de libros de uso pouco frecuente ou que se consulten en vez de ler pode resultar moi útil ter as versións dixitais, pois habitualmente por medio de aplicacións informáticas podemos localizar rapidamente en que páxinas se atopan unha ou varias palabras dadas. No caso dos libros gratuítos a difusión pode ser moito máis rápida que se se venden en papel.

Entre os inconvenientes, apuntar o feito de que non sabemos se os formatos informáticos nos que se están almacenando os libros dixitais hoxe en día van ser compatibles cos ordenadores e outros dispositivos electrónicos o día de mañá, aínda que supoñemos que no caso de futuras incompatibilidades existirá algún xeito doado de pasalos a un novo formato.

Actualmente os tres formatos básicos máis empregados para os libros e publicacións textuais en formato dixital que se desexan difundir libremente a través de Internet: texto, imaxe e PDF. Ademais temos formatos para a reprodución como audiolibros e como videolibros.

Moitos dos volumes que compoñen os fondos das bibliotecas virtuais son reproducidos a partir de edicións en papel. O habitual é que as páxinas sexan escaneadas ('fotografadas') e que logo se pasen por un software de recoñecemento óptico de caracteres (OCR, Optical

Character Recognition), unha tecnoloxía de recoñecemento de caracteres impresos ou escritos a man en formato papel. É moi empregada para incrementar os fondos das bibliotecas virtuais porque as aplicacións informáticas de recoñecemento de textos permiten converter o que en principio é unha imaxe escaneada dunha páxina dun libro, en caracteres dos que empregan os procesadores de texto.

Conforme se foron espallando as conexións de banda ancha, as bibliotecas comezaron a ofrecer os libros cando é posible cando menos en formato imaxe e en formato texto. O feito de que estean en formato texto permite localizar unha palabra ou expresión no seu contido, mentres que a imaxe facilita unha reprodución exacta da edición orixinal se se fixo a reprodución en cor, e unha menos exacta se se reproduciu en branco e negro. Ademais, se se desexa facilitar a descarga dun libro completo acostúmase engadir unha versión máis en PDF.

Algúns dos formatos de libro dixital son exclusivos dunha determinada compañía, como por exemplo o LIT, de Microsoft, ou o PDF de Adobe. Chámaselles formatos propietarios e para ler libros almacenados neles é preciso contar con aplicacións informáticas producidas por esas empresas ou por outras con autorización delas; ás veces as aplicacións encóntranse en webs e non é preciso telas instaladas nos nosos dispositivos electrónicos.

No caso do PDF, probablemente é xa o formato estándar, o máis empregado, para libros e documentos colocados para descargar desde Internet; para abrir documentos PDF precisamos contar coa aplicación facilitada por Adobe, que é gratuíta. O beneficio sácao o fabricante vendendo a aplicación que se precisa para crear ese tipo de documentos. Con todo, na actualidade xa existen aplicacións alternativas para crear arquivos PDF sen empregala, por exemplo a maioría dos procesadores de texto. En calquera caso, a evolución e converxencia de tecnoloxías durante os vindeiros anos decidirá se este seguirá sendo o formato máis popular, e sobre todo serán anos cruciais para saber se o tradicional libro en papel subsistirá á beira das edicións dixitais. O éxito ou fracaso de novos dispositivos electrónicos que faciliten a lectura -fálase de láminas electrónicas pregables coma o papel- será a clave.



## 5. DEFINIÇÃO DE BIBLIOTECA VIRTUAL E DE BIBLIOTECA DIXITAL

Co espallamento e dispersión de recursos en Internet, podemos encontrar libros en multitude de webs. Con todo, da mesma maneira que hai bibliotecas na vida real, hainas no mundo virtual. Nas que contan con sede física, encontraremos libros en soporte papel e se cadra nalgún outro soporte físico, ás veces para gardar contido en formato analóxico ou dixital: cassettes, discos de vinilo ou CD –audiolibros–, vídeo ou DVD –videolibros–, disquetes, CD-ROM, DVD-ROM ou discos Blu-ray –libros electrónicos–.

Nas bibliotecas virtuais ou dixitais en liña, é dicir, accesibles a través de Internet, obteremos contidos dixitalizados en diferentes formatos –texto, audio, vídeo, imaxes– que á súa vez poderán trasladarse a algún dos soportes físicos antes mencionados ou simplemente consualos en calquera dispositivo electrónico apropiado.

E hai outra diferenza entre as bibliotecas físicas e as virtuais. Nas primeiras, polo xeral os contidos que gardan e ofertan xa veñen elaborados, mentres que nas segundas poden facer iso, pero tamén resulta habitual que unha ou varias persoas se dediquen a dixitalizar libros ou a solicitarlles contidos a autores e autoras para incrementar os fondos da colección, o que fai que debido a iso conte con fondos que non ten ningunha outra biblioteca virtual. E sen dúbida, todo isto que estamos aplicando ás bibliotecas virtuais sería válido para algunha librería virtual, coa diferenza de que neste último caso é máis probable que nos cobren dalgún xeito polos contidos.

Chegados a este punto queremos advertir que hai unha diferenza entre biblioteca dixital e biblioteca virtual. As dúas son coleccións de libros, pero a dixital pode, por exemplo, estar dispoñible só nun CD-ROM ou DVD. A virtual é tamén dixital pero caracterízase porque os seus contidos son accesibles a través dunha rede como Internet.

Así mesmo hai que dicir que a expresión biblioteca virtual se presta a confusión en certa medida. Pensamos que o máis axeitado é definila como aquela que ofrece algún ou a totalidade dos seus servizos

en liña, a través da Internet ou doutras redes telemáticas semellantes, sexan públicas ou privadas (coma as intranets). Pero esta expresión tamén se ten empregado para referirse ás bibliotecas que só ofrecían os seus catálogos de xeito virtual. Pensamos que neste último caso é máis correcto falar de catálogo virtual dunha biblioteca que dunha biblioteca virtual propiamente dita.

Na Wikipedia en inglés chámanlles a estes catálogos 'virtual libraries' en tanto que ás bibliotecas que ademais de catálogos ofertan contidos dixitalizados chámanlles 'digital libraries'. Pola nosa parte pensamos que non ten sentido facer esta diferenciación e si, como dixemos, distinguir entre bibliotecas virtuais/dixitais e catálogos virtuais/dixitais.

A primeira biblioteca/catálogo virtual de Internet foi creada en 1991 por un dos 'pais' da rede, o físico Tim Berners-Lee, e hoxe en día pode accederse a ela desde <http://vlib.org>. Trátase dun directorio de recursos en Internet agrupados por categorías.

En canto ó primeiro proxecto de biblioteca dixital, dise que Michael Hart comezou co seu proxecto Gutenberg en 1971, e hoxe, coa axuda de centos de voluntarios, achega máis de 60.000 libros en <https://www.gutenberg.org>.

## 6. GLOSARIO

### **Acceder**

Entrar nun equipo informático, nunha aplicación ou nun documento creado con ela, nunha web, nunha rede ou nun servizo ofrecido nela.

### **Almacenamento**

Proceso mediante o que se conservan datos nun soporte informático para a súa utilización en calquera momento. Dependendo da tecnoloxía que se empregue, o almacenamento pode ser magnético (un disquete), magnetoóptico (disco magnetoóptico), óptico (CD ou DVD) ou almacenamento de estado sólido (discos SSD e outros).

### **Aloxar**

Do inglés housing. Almacenar nun ou varios servidores un sitio web, sen que este os comparta con outros. Este sería o significado propio, aínda que tamén se acostuma empregar este termo como equivalente do inglés hosting, hospedar, que implica a almacenaxe dun sitio web nun servidor que comparte con outros sitios web.

### **Ancho de banda**

Capacidade de transmisión de datos de modo simultáneo a través dunha liña dun servizo de telecomunicacións ou dunha conexión entre aparellos electrónicos nunha unidade de tempo determinada. Habitualmente esta capacidade mídese en bits por segundo (bps) ou en unidades superiores como Kbps, Mbps e Gbps.

### **Aplicación**

Conxunto de instrucións e datos que cando se executa permite traballar cun ou varios equipos informáticos ou electrónicos como ordenadores, teléfonos móbiles ou asistentes dixitais persoais e

calesquera dispositivos conectados a eles realizando todo tipo de funcións como reproducir discos, realizar cálculos matemáticos ou xestionar arquivos. No caso de móbiles e tabletas coñécense habitualmente co nome de apps.

## **App**

Ver **Aplicación**.

## **Arquivar**

Gravar de xeito estruturado nun soporte datos que poden recuperarse e empregarse en aplicacións informáticas.

## **Arquivo**

Conxunto de datos estruturados gravados en soporte dixital que poden recuperarse e utilizarse en aplicacións informáticas.

## **ASCII**

Siglas de American Standard Code for Information Interchange, Código Estándar Americano para o Intercambio de Información. Emprégano os ordenadores e serve para representar as letras maiúsculas e minúsculas do alfabeto, así como os números e outros signos como os de puntuación e acentuación.

## **Asistente dixital persoal**

Ordenador de pequeno tamaño deseñado para poder levalo no peto pero que pode achegar practicamente todas as funcións dun ordenador de sobremesa ou portátil, e mesmo unha adicional, a de poder escribir na súa pantalla cun lapis especial, como se se tratase dun bloc de notas, sendo capaz de transformar os trazos feitos a man en caracteres tipográficos dixital. Coñécese tamén coas siglas PDA (do inglés Personal Digital Assistant). Os máis modernos permitían ler libros dixitais en diferentes formatos na súa pantalla. As funcionalidades



que ofrecían achéganas hoxe móbiles e tabletas, polo que esta tecnoloxía quedou obsoleta.

### **Audio**

Son representado por medio de sinais electrónicos e por extensión dise que este é o formato dos arquivos informáticos que conteñen son.

### **Audiolibro**

Libro en formato audio, que en lugar de ler se escoita. Nalgunhas bibliotecas virtuais parte dos contidos son audiolibros.

### **Aula virtual**

Lugar virtual nunha rede local ou en Internet, onde a través de iconas e símbolos se representan os elementos máis característicos dunha aula real, e que serve para impartir clases a distancia. Unha parte da aula virtual pode estar dedicada a biblioteca, da que se poden baixar libros e outros documentos útiles para a aprendizaxe.

### **Baixar**

Ver **Descargar**

### **Banda ancha**

Expresión que se emprega para referirse a unha conexión de gran capacidade cunha rede de comunicacións, por exemplo acceso de banda ancha a Internet.

### **Banda larga**

Ver **Banda ancha**

## **Biblioteca**

1. Biblioteca dixital. Colección de documentos de texto ou multimedia -imaxes, sons ou vídeos, entre outros- almacenados en soporte informático. 2 Biblioteca virtual. Aquela que ofrece algún ou a totalidade dos seus servizos en liña, a través da Internet ou doutras redes telemáticas semellantes. Inicialmente a expresión aplicábase tanto ás bibliotecas que ofrecían os seus catálogos de xeito virtual como aquelas que ofrecían documentos en liña, pero na actualidade enténdese por biblioteca virtual aquela que ademais de a un catálogo permite acceder a contido de documentos de texto ou multimedia –imaxes, sons ou vídeos, entre outros-. A propia Internet no seu conxunto é considerada como a maior biblioteca da humanidade, e os buscadores como os seus catálogos.

## **Bit**

Palabra formada como abreviatura da expresión inglesa binary digit (díxito binario). É a unidade básica de información que representa a cantidade máis pequena de datos que se transmiten ou procesan, e toma os valores un ou cero, base do sistema binario. Oito bits compoñen un byte ou signo, que é un dos caracteres imprimibles por medio dun ordenador (unha letra ou un número, por exemplo). A capacidade de almacenamento de datos na memoria dun ordenador ou en calquera soporte informático mídese en bits, aínda que se empregan unidades superiores como kilobytes (Kb), megabytes (Mb), xigabytes (Gb) ou terabytes (Tb).

## **Blog**

Abreviatura de weblog, ou diario web. Trátase dunha web moi doada de actualizar organizada como diario persoal sobre un tema determinado ou onde unha persoa ou grupo de persoas nos contan a súa vida ou opinan calquera asunto.

## **BPS**

Siglas de Bits Per Second (bits por segundo), unidade de medida da velocidade de transmisión de datos. Actualmente acostuman a usarse unidades de medida superiores como Kbps (mil bits por segundo), Mbps (un millóns de bits por segundo) ou Gbps (mil millóns de bits por segundo).

## **Browser**

Ver **Navegador**

## **Buscar**

Acción e efecto de localizar mediante unha aplicación informática calquera tipo de arquivo ou unha parte do contido dun arquivo, nun dispositivo informático ou unha rede. Cando esta aplicación ofrece diferentes opcións para conseguir resultados máis precisos fábase de busca avanzada.

## **Buscador**

Aplicación informática vencellada a un sistema de recuperación de información que facilita a localización de datos ou ficheiros nun ordenador, sistema informático ou redes como Internet indicando palabras clave ou frases que se supón deben ou non aparecer nos arquivos buscados.

## **Byte**

1. Unidade de información composta por unha secuencia de oito bits. Con estas secuencias pódense representar un total de 255 símbolos diferentes, os que forman os diferentes códigos ASCII. Cada byte permite representar unha letra ou símbolo que se escribe desde un teclado de ordenador (a, b, c, @, 1, 2, &, %, etc). 2. Cantidade de memoria necesaria para almacenar nun dispositivo informático un calquera dos caracteres ASCII existentes. A capacidade de

almacenamento é medida en kilobytes (un Kb son 1.024 bytes), en megabytes (un Mb son 1.024 kilobytes ou 1.048.576 bytes) e cada vez máis en xigabytes (cada Gb son 1.024 megabytes) e terabytes (un Tb son 1.024 Gb). Un Tb equivale a case 1,1 billóns de caracteres.

## **Ciberespazo**

Conxunto de redes telemáticas, simbolizado por Internet, onde as persoas se relacionan virtualmente e que constitúe un reflexo da sociedade, desde o momento en que nel se poden realizar moitas actividades que existen na vida real: escoitar música, ler xornais e libros, facer operacións bancarias, conversar, etc. A invención do termo (en inglés cyberspace) atribúeselle a William Gibson na súa novela ‘Neuromancer’.

## **Cibernauta**

Ver **Internauta**

## **Clicar**

Ver **Premer**

## **Colgar**

1. Facer que un ordenador se deteña por un erro do software ou do hardware, ou por accidente. 2. Desconectarse un módem ou rúter da liña telefónica sen que se lle deran instrucións para iso. 3. Enviar ficheiros a un servidor para almacenalos ou permitir o acceso a eles por un grupo de persoas ou libremente pola comunidade de internautas.

## **Comercio electrónico**

Conxunto de intercambios de bens e servizos que se desenvolven no ciberespazo.

## **Descargar**

Transferir datos a un ordenador ou dispositivo equipado para iso a través dunha rede como Internet, e utilizando un navegador ou unha aplicación específica para descargas. Os arquivos pódense baixar desde calquera servidor, aínda que algúns están especialmente preparados para esa función, mediante o emprego do Protocolo de Transferencia de Ficheiros (File Transfer Protocol ou FTP).

## **Directorio**

Sitio de Internet no que se presentan ordenadas en categorías e subcategorías ligazóns a páxinas web, de tal xeito que poden ser rapidamente localizadas. A diferenza dos buscadores, que só permiten localizar arquivos e webs a partir de palabras, nos directorios é posible atopar unha web baixando consecutivamente de nivel ata chegar á información desexada. Coa mellora dos algoritmos de busca dos buscadores os directorios quedaron na maior parte dos casos obsoletos.

## **Dixital**

Dise do formato no que se almacena información nunha cadea de bits separados que representan estados de activado e desactivado. Fronte a un formato dixital está o analóxico, consistente en representar os datos nun fluxo de variables físicas continuas.

## **Dixitalizar**

Converter en bits (datos binarios) información procedente de diversas fontes analóxicas como texto, son e vídeo para poder utilizala en dispositivos informáticos e electrónicos. É o que se fai cando se escanean as páxinas dun libro para convertelas en imaxes e/ou texto que logo permitirán crear un libro dixital.

## **Documento**

Ver **Arquivo**

## **Dominio**

1. Nome co que se identifica na Internet un enderezo que previamente ten que ser rexistrado. Habitualmente comeza con <http://www.> ou <https://> e a continuación vai unha palabra, un número ou unha combinación de letras e números de como mínimo dous caracteres, para rematar cunha ou dúas extensións, separadas por puntos e compostas por como mínimo dúas letras, que identifican o tipo de dominio ou o país no que foi outorgado. Hai dominios de primeiro nivel que son iguais para todo o mundo (como o dominio galego .gal), códigos de dominio de nivel superior xeográfico (como o español .es), así como dominios de nivel superior xenérico, de infraestrutura e outros.

2. Domino público. Cualidade de documentos de texto, gráficos, sons ou aplicacións informáticas que poden ser empregadas e distribuídas libremente sen ter que pagarlles ningún prezo a autores ou a autoras, que non obstante poden pedir que se respecten unhas determinadas condicións no seu uso e repartimento, por exemplo que non se modifique ningunha parte do ficheiro orixinal.

## **Download**

Ver **Descargar**

## **E-**

Prefixo que indica relación coas novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Por exemplo, e-business ou e-negocios refírese a negocios que se realizan empregando as posibilidades que achegan Internet e outras redes de intercambio de datos.

## **E-aprendizaxe**

Ver **Teleensino**

## **E-book**

Ver **Libro electrónico**

## **E-comercio**

Ver **Comercio electrónico**

## **E-learning**

Ver **Teleensino**

## **E-libro**

Ver **Libro electrónico**

## **En liña**

1. Dise do estado dos contidos accesibles nunha web e dos equipos en activo conectados a unha rede. 2. Dise de cando unha persoa está dispoñible para manter unha charla ou chat en Internet.

## **Enderezo**

1. Serie de caracteres que identifican un servidor ou cliente dentro dunha rede facilitando a conexión con el. 2. Enderezo de correo electrónico. Serie de caracteres que identifican unha conta de correo electrónico, permitindo enviar e recibir mensaxes a través dela. 3. Enderezo de dominio. Nome de Internet en formato lexible, como [www.unnomecalquera.gal](http://www.unnomecalquera.gal). 4. Enderezo web. Cadea de caracteres que identifican un arquivo visible na World Wide, por exemplo <http://www.valdoulla.com/refrans.html>. Nesta cadea usualmente especificase un protocolo de transferencia, que neste caso sería o HTTP (Protocolo de Transferencia de HiperTexto) e un enderezo de dominio, que é [www.valdoulla.com](http://www.valdoulla.com). Así mesmo podemos atopar unha ruta de directorio e o nome do arquivo a onde finalmente chegaremos, que no exemplo indicado é [refrans.html](http://www.valdoulla.com/refrans.html).

## **Enlace**

Ver **Ligazón**

## **Enlazar**

Ver **Ligar**

## **Espello**

Servidor que contén unha copia da totalidade ou parte dos contidos almacenados noutros. Acostuman empregarse para facilitar as descargas de aplicacións ou documentos de gran tamaño, especialmente cando hai moita demanda para baixar uns determinados arquivos, axilizando a súa obtención e evitando o bloqueo dun único servidor por exceso de peticións.

## **FAQ**

Siglas de Frequently Asked Questions (preguntas frecuentes, ou literalmente cuestións preguntadas frecuentemente). Texto que aparece en moitas webs e que busca responder as preguntas expostas en máis ocasións polas persoas que as visitaron, evitando responder múltiples veces as mesmas preguntas por correo electrónico.

## **Ficheiro**

Ver **Arquivo**

## **Fóra de liña**

1. Dise dun equipo desconectado dunha rede e da consulta ou utilización en local de arquivos que orixinalmente estaban nunha web en liña. 2. Dise de cando unha persoa non está dispoñible para manter unha charla ou chat en Internet.



## **Formato**

1. Calquera método de organizar información que deba ser mostrada ou almacenada e a forma na que esta se mostra ou almacena.
2. Formato propietario. O exclusivo dunha ou varias aplicacións informáticas.

## **Foro**

Espazo dunha web dedicado a temas prefixados ou totalmente aberto, no que se debate sobre ideas e opinións. O funcionamento é sinxelo: unha persoa publica unha mensaxe que pode ler calquera visitante, que á súa vez pode responder esta mensaxe facendo pública a resposta. Son moi empregados para buscar e achegar posibles solucións a problemas informáticos.

## **FTP**

Siglas de File Transfer Protocol (protocolo de transferencia de ficheiros). Protocolo de comunicacións que permite enviar e recibir ficheiros dun servidor e aplicación que posibilita empregalo. Existen servidores dedicados de xeito exclusivo a tarefas de transferencia de arquivos que reciben o nome de servidores FTP.

## **Gb**

Ver **Xigabyte**

## **Hardware**

Dispositivos físicos que forman parte dun sistema informático ou rede de comunicacións.

## **Hipertexto**

Sistema consistente en sinalar dentro dun texto palabras ou frases, normalmente subliñándoas (facendo así hipervínculos), para que

ó premer en calquera delas apareza un documento novo con contido relativo a elas.

## **Hipervínculo**

Ver **Ligazón**

## **Home**

En tradución literal significa casa. A palabra home ou a expresión ‘home page’ empréganse para designar a páxina principal ou portada dunha páxina web.

## **Hospedar**

Do inglés hosting, hospedar, que implica a almacenaxe dun sitio web nun servidor que comparte con outros sitios web. Este sería o significado propio, aínda que tamén se acostuma empregar este termo como equivalente do inglés housing: almacenar nun ou varios servidores un sitio web, sen que este os comparta con outros.

## **Host**

Ver **Servidor**

## **Hosting**

Ver **Hospedar**

## **Housing**

Ver **Aloxar**

## **HTML**

1. Siglas de HyperText Markup Language (linguaxe de marca de hipertexto). Linguaxe informática de programación empregada para crear documentos, fundamentalmente páxinas web, onde é posible

empregar o sistema de hipertexto. Os códigos HTML determinan a composición e mailo formato dunha páxina permitindo que se poida ver desde aplicacións informáticas como os navegadores, e fan posible que se poida acceder a documentos de texto, imaxes, gráficos e mesmo arquivos de son e vídeo, entre outros. Este formato é adecuado para ofrecer libros en Internet se desexamos que cada capítulo sexa un documento independente. 2. HTML dinámico. Expresión coa que se designan diversas linguaxes informáticas que posibilitan a renovación permanente e continua do contido dunha web.

## **HTTP**

Siglas de HyperText Transfer Protocol (protocolo de transferencia de hipertexto). É o conxunto de normas que establece cómo se conectan entre si equipos e aplicacións para a transferencia de información na World Wide Web. Nos últimos anos é cada vez máis frecuente ver as siglas https, que significan que as webs que as posúen están aloxadas nun servidor seguro.

## **Inicio**

Páxina principal ou portada dun sitio web.

## **Internauta**

Persoa que navega por Internet. O termo era moi utilizado na década de 1990 cando aínda eran poucas as persoas que empregaban Internet, mais hoxe en día quedou case obsoleto.

## **Internet**

Interrede. Denominación dunha agrupación de redes informáticas que comparten un protocolo de comunicacións común, o Protocolo de Internet (IP, Internet Protocol). A estas redes están conectados millóns de dispositivos e equipos informáticos en todo o planeta: desde os encamiñadores que regulan o tráfico ata os servidores

que achegan contidos e os ordenadores persoais da comunidade de internautas que accede a Internet para empregar algún dos servizos e posibilidades que ofrece.

## **JPEG**

Siglas de Joint Photographic Experts Group (grupo de expertos fotográficos unidos). Formato de almacenamento de arquivos gráficos, coñecido como JPEG ou JPG, moi empregado nas webs pola alta compresión das imaxes e boa calidade destas.

## **JPG**

V. **JPEG**

## **Kb**

Ver **kilobyte**

## **Kbps**

Ver **Kilobit por segundo**

## **Kilobit por segundo**

Unidade de medida (Kbps) empregada para coñecer a cantidade de datos que é capaz de enviarse ou recibirse a través dunha rede ou dun dispositivo coma un módem. Equivale a mil bits por segundo.

## **Kilobyte**

Unidade de medida de memoria (Kb) que equivale a 1.024 bytes.

## **Libro**

1. Libro de visitas. Espazo reservado nunha web para que as persoas que acceden a ela poidan deixar unha mensaxe expresando a súa opinión sobre esta. 2. Libro dixital. Libro en formato electrónico que se

pode ler na pantalla dun ordenador, asistente dixital persoal, teléfono móbil, tableta e outros dispositivos electrónicos axeitados, así como imprimir se nos interesa lelo en papel. 3. Libro electrónico. Dispositivo electrónico deseñado expresamente para ler libros dixitais e que ás veces ten funcionalidades engadidas como reproducir documentos audiovisuais ou navegación por Internet.

### **Ligar**

Conectar un elemento dun documento de hipertexto cun arquivo ou páxina web. Tamén se di enlazar, vincular ou vencellar.

### **Ligazón**

Dise dun elemento dunha páxina web –texto ou imaxe- que, cando se preme nel co rato, permite acceder a outra páxina relacionada coa primeira. Por extensión, chámasele ligazón a calquera enderezo de Internet. Tamén se di enlace, vínculo ou vencello.

### **Link**

Ver **Ligazón**

### **LIT**

Formato propietario de libro dixital creado por Microsoft. Para ler libros neste formato é preciso dispoñer da aplicación Microsoft Reader ou compatibles.

### **Login**

Identificación de entrada nun sistema informático ou sitio web.

### **Logout**

Desconexión dun sistema informático ou sitio web.

## **Mail**

Ver **Correo electrónico**

## **Mapa da web**

Esquema de distribución de contido dun sitio web.

## **Mb**

Ver **megabyte**

## **Mbps**

Ver Megabits por segundo.

## **Mediateca**

Biblioteca dixital que ofrece contidos multimedia, por exemplo, en formato audio ou vídeo, o que non impide que inclúa ademais contidos en formato textual coma os libros.

## **Megabits por segundo**

Unidade de medida (Mbps) empregada para coñecer a cantidade de datos que é capaz de enviarse ou recibirse a través dunha rede ou dun dispositivo coma un módem. Equivale a mil Kbps.

## **Megabyte**

Unidade de medida (Mb) de almacenamento de información que equivale a 1.024 kilobytes.

## **Minisite**

Minisitio. Espazo dentro dun sitio web no que o contido aparece diferenciado do resto mediante o seu deseño e que está dedicado a un

tema específico. Algunhas editoriais dedícanlles minisitios dentro dos seus portais a algúns libros.

### **Mirror**

Ver **Espello**

### **Móbil**

Ver **Teléfono móbil**

### **Módem**

Palabra formada a partir da expresión Modulador-DEModulador. Dise do dispositivo que lle permite a un ordenador conectarse a unha rede telefónica, de cable ou sen fíos para poder acceder posteriormente a unha rede de comunicacións como a Internet. Para realizar esta conexión, o aparello modula o sinal mediante o cal se transmite a información e demodula os sinais que se reciben. Algúns destes aparellos permitían enviar e recibir faxes empregando unha ou varias aplicacións informáticas específicas para esa función.

### **Motor de busca**

Ver **Buscador**

### **Multimedia**

Tecnoloxía que permite xestionar, crear e reproducir arquivos infográficos, imaxes, sons, textos e vídeo. Dise dos equipos dispostos para empregar esta tecnoloxía.

### **Navegador**

Aplicación coa que se accede a documentos e servizos en formato compatible coa World Wide Web. O seu nome vén da aplicación Navigator, creada pola compañía estadounidense Netscape

con esa finalidade. Tamén se denomina browser ou explorador, nome este último que vén da aplicación Explorer, da compañía estadounidense Microsoft.

### **Navegar**

Acción de visitar sitios da World Wide Web para acceder a documentos e servizos ofrecidos neles. O termo xorde de comparar Internet cun grande océano de datos a través do cal navegan as persoas á busca dos que precisan.

### **Network**

Rede.

### **OCR**

Siglas da expresión inglesa Optical Character Recognition que se utilizan para designar a tecnoloxía informática de recoñecemento de caracteres impresos ou escritos á man en formato papel mediante a cal estes son convertidos en caracteres utilizables en aplicacións de procesamento de textos.

### **On line**

Ver **En liña**

### **Ordenador**

Dispositivo físico capaz de executar instrucións sobre datos en formato dixital que permiten executar aplicacións para amosar, crear ou empregar textos, números, gráficos, imaxes, son e vídeo. Está deseñado para traballar cunha serie de dispositivos adicionais que se denominan periféricos, coma pantallas, teclados, ratos ou impresoras, entre outros.



## **Páxina web**

Documento creado nun formato que permite a súa difusión en Internet. Habitualmente enténdese que varias páxinas compoñen un sitio web, pero tamén se utiliza como expresión equivalente á de sitio web.

## **PDA**

Siglas de Personal Digital Assistant. Ver **Asistente dixital persoal**.

## **PDF**

Siglas de Portable Digital File (arquivo dixital portable). Formato creado pola compañía Adobe no que se poden gravar documentos desde diversas aplicacións para despois imprimilos ou poñelos nunha web a disposición das persoas interesadas, coa ventaxa de que os documentos permanecen inalterados independentemente da aplicación ou plataforma na que se abra.

## **Pescudar**

Ver **Buscar**

## **Plataforma**

Termo que pode designar unha arquitectura de dispositivos, un sistema operativo ou a combinación das dúas cousas. Por exemplo Linux, MacOS, Windows, Android e iOS son plataformas diferentes, para cada unha das cales se diseña software propio. No caso de aplicacións que poden funcionar en dúas ou máis dise que son multiplataforma.

## **Portal**

Sitio web que achega multitude de servizos e información sobre un ou varios temas.

## **Premer**

Tocar unha área que vemos nunha pantalla coa finalidade de realizar algunha acción. Pódese facer empregando un rato ou dispositivo equivalente e pulsando no botón correspondente, ou cun dedo se dispoñemos dunha pantalla táctil.

## **Procurar**

Ver **Buscar**

## **Programa**

Ver **Aplicación**

## **Pulsar**

Ver **Premer**

## **Rede**

Conxunto de dispositivos e aplicacións que lles permiten a dous ou máis equipos compartir recursos ou datos e empregaren servizos comúns.

## **Saír**

Desconectarse dun servizo en liña.

## **Servidor**

Equipo informático, habitualmente de gran capacidade de almacenamento e xestión de datos, que se pon ó servizo dun ou varios equipos para que estes poidan empregar os seus recursos e aplicacións ou o contido que almacena. Por exemplo son servidores os equipos que aloxan as páxinas web; a eles poden conectarse clientes (ordenadores ou outros dispositivos) para accederen a eses contidos que almacenan.

## **Site map**

Ver **Mapa da web**

## **Sitio web**

Enderezo de Internet que lles ofrece contidos ou servizos ás persoas que o visitan. Habitualmente enténdese que un sitio web engloba varias páxinas web, pero tamén se emprega como expresión equivalente de páxina web.

## **Sociedade da Información**

Ver **Sociedade do Coñecemento**

## **Sociedade do Coñecemento**

Chámaselle así á sociedade cunha economía baseada no coñecemento e na xestión da información, na que perden importancia relativa o sector secundario -a industria- e o primario -agricultura e gandería-.

## **Software**

Dise das aplicacións informáticas escritas nunha linguaxe que entenden ordenadores e outros dispositivos electrónicos e que permiten o seu funcionamento e a realización de tarefas determinadas.

## **Subir**

Enviar a un servidor un arquivo ou arquivos desde un ordenador ou dispositivo equivalente.

## **Tableta**

Dispositivo portátil cunha pantalla de tamaño maior que a dun móbil que permite comunicarse oralmente, mediante datos ou

visualmente con persoas que posúen outros teléfonos e dispositivos compatibles e, dependendo do modelo, mesmo obter, enviar e recibir textos, imaxes e vídeos e en xeral calquera outro contido susceptible de ser dixitalizado e transmitido a través dunha rede de telecomunicacións, incluídos os libros, que tamén se poden ler nas pantallas dos modelos preparados para iso.

### **Teleensino**

Ensino a distancia empregando novas tecnoloxías e redes como Internet. Nesta modalidade de ensino pódense empregar recursos como libros ou documentos almacenados nunha biblioteca virtual.

### **Teléfono móbil**

Dispositivo portátil de tamaño reducido que permite comunicarse oralmente, mediante datos ou visualmente con persoas que posúen outros teléfonos ou dispositivos compatibles e, dependendo do modelo, mesmo obter, enviar e recibir textos, imaxes e vídeos e en xeral calquera outro contido susceptible de ser dixitalizado e transmitido a través dunha rede de telecomunicacións, incluídos os libros, que tamén se poden ler nas pantallas dos modelos preparados para iso.

### **TIFF**

Siglas de Tag Image File Format, ou formato de arquivo de imaxes etiquetadas. É un dos formatos de arquivo de imaxe nos que se están a ofrecer actualmente reproducións fotográficas de páxinas de libros en soporte dixital.

### **Upload**

Ver **Subir**

## **URL**

Siglas de Uniform Resource Locator (localizador uniforme de recursos). Método de especificar a localización dun determinado recurso ou arquivo en Internet. Por exemplo <http://www.valdoulla.com/refrans.html> quere dicir que solicitamos un documento composto en formato HTML que se denomina ‘refrans.html’, e que o facemos por medio do protocolo de transferencia de hipertexto (HTTP) dun servidor web (WWW), que aloxa un sitio web que ten como nome de dominio ‘valdoulla.com’, sendo o nome de dominio de primeiro nivel pola súa extensión .com.

## **Usuaría, usuario**

Persoa que emprega ou accede a un dispositivo informático ou a un servizo ou rede de comunicacións.

## **Vídeo**

Imaxes en movemento con ou sen son representadas por medio de sinais electrónicos e por extensión dise que este é o formato dos arquivos informáticos que conteñen vídeo.

## **Videolibro**

Libro en formato vídeo, que en lugar de ler se pode ver e escoitar. Nalgunhas bibliotecas virtuais parte dos contidos son videolibros.

## **Vínculo**

Ver **Ligazón**

## **Virtual**

Que ten existencia aparente pero non real. Dise de servizos ou espazos en Internet que emulan os reais. Por exemplo, un campus virtual en Internet pode ter aulas para impartir clases, unha cafetería ou

foro para os encontros dos membros do campus, taboleiros para mensaxes, etc.

## **Web**

En tradución literal significa arañeira, e emprégase na expresión World Wide Web para designar parte dos contidos da rede mundial de comunicacións que coñecemos por Internet, en concreto aqueles que se presentan accesibles a través de ou como páxinas web. Debido á progresiva integración en Internet de servizos que antes estaban separados, web ou World Wide Web practicamente son sinónimos de Internet ou rede, e tamén se lle chama así, por abreviar, a un sitio ou páxina web.

## **Weblog**

Ver **Blog**

## **Website**

Ver **Sitio web**

## **World Wide Web**

Ver **Web**

## **Xigabyte**

Medida de memoria que se representa coas letras Gb e que equivale a 1.024 megabytes.

## **Zip**

Extensión que indica que un arquivo está comprimido en formato WinZip.

## 7. BIBLIOGRAFÍA E CIBERBIBLIOGRAFÍA

Aguadero, Francisco. Diccionario de Términos Multimedia. Madrid, 1998, Acento Editorial.

Ali, Ismail e José Luis Ganuza. Internet en la educación. Madrid, 1997, Anaya Multimedia.

Álvarez Pousa, Luis. A Identidade fronte á rede: o reto mediático de Galicia na sociedade da información. Vigo, 1999, Edicións Xerais de Galicia.

Baleirón, Charo, Mónica Martínez, Miguel Seoane, Andrés Tarrío, Darío Janeiro e Enrique Neira. O labirinto virtual. Sobre as novas tecnoloxías na educación. Vigo, 1998, Edicións Xerais de Galicia.

Buenaventura, Ramón. Las respuestas. Todo lo que usted siempre quiso preguntar sobre Internet. Madrid, 1999, Editorial Debate.

Caetano Ferreira, António Miguel. Dicionário do Internetês. Brasil, 1995, publicación en Internet.

Caplan, Graciela J. Editar sin papel. Bos Aires, 1999, Editorial JVE Siglo XXI/Informática.

Castro Rodríguez, Montserrat, Xesús Rodríguez Rodríguez e María Helena Zapico Barbeito (coords.). Materiais didácticos e experiencias educativas innovadoras. Noia-A Coruña, 2013, Editorial Toxosoutos.

Centurión, José Luis. Diccionario de las Nuevas Tecnologías. Madrid, 1998, Acento Editorial.

Cid Fernández, Xosé Manuel, Xesús Rodríguez Rodríguez e Daniel Gonçalves. III Congreso Internacional A fenda dixital. TIC, escola e desenvolvemento local. Póvoa do Varzim, 2012, Escola Superior de Educación de Paula Frasinetti.

Cremades, Javier. El paraíso digital. Claves para entender la revolución de Internet y las telecomunicaciones. Barcelona, 2001, Plaza & Janés.

De Alarcón Álvarez, Enrique. Diccionario de Informática e Internet. Madrid, 2000, Anaya Multimedia.

Docampo Amoedo, Domingo. Tecnoloxías das comunicacións: unha visión desde Galicia, Vigo, 2002, Edicións Xerais de Galicia.

Domínguez Salgado, Ana B. e Antón Porto Sánchez. Navegándonos. Guía de iniciación á Internet. Santiago de Compostela, 2002, Ciberlingua 2001.

Dos, Equipo. Diccionario de Informática. Madrid, 1995, Acento Editorial.

Downing, Douglas A., Michael A. Covington e Melody Mauldin Covington. Diccionario de términos informáticos e Internet. Madrid, 1998, Anaya Multimedia.

European Commission. The European Digital Library. Bruxelas, 2006, Comisión Europea. En:

<http://libraries.theeuropeanlibrary.org/press/edl-faq20060302.html>



Fernández Eiros, Adrao, Xavier Fernández Salgado e Benigno Fernández Salgado. Diccionauta. Glosario de termos ingleses para internautas galegos. Santiago, 2001, Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Freeze, Jill. Guía rápida de Internet. Madrid, 2000, Prentice Hall.

Galego21.org. Navegádomos. Guía de iniciación a Internet. Santiago, 2002, Ciberlingua 2001.

Gates, Bill. Camino al futuro. Madrid, 1995, McGraw-Hill.

Gates, Bill. Los negocios en la era digital. Cómo adaptar la tecnología informática para obtener el mayor beneficio. Barcelona, 1999, Plaza & Janés.

Hale, Constance (coord.). Nuevos conceptos para una nueva era: Internet. Madrid, 1998, Anaya Multimedia.

Hermida Ruibal, Ana. Glos@rio de termos da Internet (galego-inglés-castelán-portugués). Vigo, 2001, publicación en Internet.

Interdix Galicia. Guía de webs de Galicia. Lugo, 2009, Interdix Galicia.

Janeiro, Darío e Henrique Neira. 2.000 ligazóns. Santiago, 1999, Grupo Correo Gallego.

Jansen, Erin. NetLingo The Internet Dictionary. Nova York, 2002, NetLingo Inc. (Actualizado en [www.netlingo.com](http://www.netlingo.com)).

López, Xosé, Sonia Fernández Parratt, Manuel Gago, Berta García Orosa e Xosé A. Neira Cruz. Sitios: guía web de Galicia. Santiago de Compostela, 1999, Edicións Lea.

López, Xosé, Manuel Gago Mariño e José Pereira Fariña. Novas tendencias do xornalismo electrónico. Santiago de Compostela, 2002, Edicións Lea.

Neira Pereira, Henrique. Internet: navegar desde Galicia. Santiago, 2005, Xunta de Galicia.

Neira Pereira, Henrique. Historia da informática en Galicia. Unha cronoloxía. Santiago, 2015, Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia-Andavira Editora.

Neira Pereira, Xerardo. 1.001 webs para coñecer a cultura de Galicia. Santiago de Compostela, 2007, Edicións Correo.

Observatorio da Calidade e da eAdministración de Galicia (coord.). A administración electrónica nos concellos galegos. Santiago de Compostela, 2007, Xunta de Galicia.

Peña, Rosario. La educación en Internet, guía para su aplicación en la enseñanza. Barcelona, 1997, Inforbook's Ediciones.

Poole, Victor e James Lloyd. mnsjs d txtto. Diccionario de mensajes y :-) para móbiles. Barcelona, 2001, Nuevas Ediciones de Bolsillo.

Romero, Daniel, e Isabel Vaquero. Da Periferia á rede : Internet en Galicia, lingua e contidos. Vigo, 2001, Edicións Xerais de Galicia.

Rodríguez Fernández, Óscar, Roberto Troncoso Egea e Sagrario Bravo de Pablo. Internet. Edición 2003. Madrid, 2003, Anaya Multimedia.

San José Villacorta, Carlos (coord.). Tecnologías de la información en la educación. Madrid, 1998, Anaya Multimedia.

Santos, Rui. Dicionário Informático. Brasil, 1995, publicado en Internet.

Terceiro, José B. *socied@d digit@l*. Del homo sapiens al homo digitalis. Madrid, 1996, Alianza Editorial.

Terceiro, José B, e Gustavo Matías. Digitalismo: el nuevo horizonte sociocultural. Madrid, 2001, Taurus

Trejo Delarbre, Raúl. La nueva alfombra mágica. Usos y mitos de Internet, la red de redes. Madrid, 1996, Fundesco.

Vilariño Picos, María Teresa e Anxo Abuín González. Teoría del hipertexto. La literatura en la era electrónica. Madrid, 2006, Arco/Libros.